

## **Acto de lembranza de Xosé María Alvarez Blázquez, hoxe, no centro «García Barbón» de Vigo**

Vigo (Redacción). Organizado por la Asociación de Escritores Galegos terá lugar hoxe, ás oito da tarde, no centro cultural «García Barbón», un acto en lembranza do escritor Xosé María Alvarez Blázquez.

Alvarez Blázquez nacéu no ano 1915, adicándose ó ensino. Creou a editorial Castrelos, onde se popularizou a famosa colección «O Moucho». Foi cronista oficial da cidade viguesa e comisario local de excavacións arqueolóxicas. Foi tamén profesor da Escola Náutico - Pesqueira de Vigo e membro numerario da Real Academia Galega.

Como narrador, escribiu «A pega rabilonga», «La ciudad y los días» y «Calendario histórico de la ciudad de Vigo, día a día». Foi finalista no primeiro Nadal, que ganou Carmen Laforet con «Nada». A novela de Alvarez Blázquez chamábase «En el pueblo hay caras nuevas».

O acto de hoxe, aberto a todo o público, será presentado polo escritor Xosé Ramón Pena e falarán en torno á vida de Xosé María Alvarez Blázquez, os tamén escritores Xosé Luis Méndez Ferrín, Manolo Vilanova e Darío Xoan Cabanas, así coma o historiador Fernando Acuña Castroviejo